

Cocos, monstros

Fenómenos: Nace un neno monstruoso

Cóntao La Voz de Galicia no número do xornal de 25 de outubro de 1884. En Lourenzá, na parroquia de Santo Hadrián, naceu un neno con tan só seis meses de xestación. Tiña os brazos máis longos que o corpo, as pernas cos xeonllos e os pés cara atrás, a boca en sentido vertical e formando liña recta cun dos vértices do ollo dereito. A cabeza toda cuberta de pelo dunha extraordinaria extensión. Ademais tiña nas costas dúas vexigas chegas de auga, unha encima do omóplato. Só viviu media hora.